## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*RESOLUCIÓN do 9 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2012.*

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2012, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade, na xuntanza do 23 de febreiro de 2012, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG núm. 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2012.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

**Acta da xuntanza da comisión paritaria do convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade**

En Santiago de Compostela, ás once horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil doce, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnense as persoas que se sinalan abaixo.

– Representación empresarial:

Lucía del Campo Redondo (Agarte-asesora).
Eva Jove González (Agarte).

CVE-DOG: ryws0cy6-0ap2-eqj8-6rl9-rdv0ngixnnr9

Laura González Nieves (Acolle).
Natalia Zabaleta Rodríguez (Acolle).
José M.ª Pazos Seco (Agarte).
José Félix Valderrey de la Huerga (Agarte-asesor).

– Representación social:
- CIG:
Paulo Paio Rubido Bará.
Xavier Vázquez López.
- UGT-Galicia:
Belén Muñiz Caamaño.
Sonia Outón Casal.
Javier Martínez Fente.

As cuestións obxecto desta xuntanza son:

1. Revisión salarial correspondente ao ano 2012, segundo o sinalado no artigo 5 do convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade.

2. Establecemento dos criterios que regularán o disposto na cláusula adicional segunda do convenio colectivo.

3. Analizar a consulta dirixida a esta comisión paritaria por Eliseo Rivas Pernas, en calidade de secretario xeral de FSP-UGT Lugo.

Logo do oportuno debate sobre as cuestións obxecto desta xuntanza, procede reflectir na acta o seguinte:

1. A comisión paritaria acorda a revisión salarial deste convenio relativa ao ano 2012, conforme as táboas que se xuntan como anexo a esta acta.

Así mesmo, delegan no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais para a realización dos trámites de depósito, rexistro e publicación das anteditas táboas ante a autoridade laboral.

Ao respecto delas, a representación empresarial presente na comisión manifesta que a revisión se efectúa en virtude do establecido na sentenza do TSXG que está impugnada ante o Tribunal Supremo, polo que, respecto ao incremento pactado, esta parte considera que se deberá observar o que finalmente decida o Tribunal Supremo.

CVE-DOG: ryws0cy6-0ap2-eqj8-6rl9-rdv0ngixnnr9

2. Establecemento dos criterios que regularán o disposto na cláusula adicional segunda do convenio colectivo.

Esta comisión acorda que tales criterios son: as empresas concertarán un seguro polo importe de 12.020,24 euros, para os casos de morte ou invalidez definitiva (non revisable), derivadas de accidente laboral para todos e cada un dos traballadores afectados por este convenio, conforme acordou a comisión paritaria na súa xuntanza do 10 de febreiro de 2012.

3. Ao respecto da consulta formulada por Eliseo Rivas Pernas, en calidade de secretario xeral de FSP-UGT Lugo, relativa á administración de inxeccións de insulina e heparina por parte de traballadores/as que teñan a categoría de xerocultor/auxiliar de clínica, a representación empresarial entende que esta cuestión xa está resolta pola sentenza do Tribunal Supremo de xullo de 2010 e non debe ser obxecto de tratamento por esta comisión.

A representación de UGT, ao respecto, manifesta a súa desconformidade con este punto.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión ás doce e trinta horas do día sinalado no encabezamento e estendese para o efecto esta acta, que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.

**Táboas salariais 2012. Convenio terceira idade de Galicia**

| Categorías profesionais | Salario base 2011 | Salario base 2012<br>S.B. 2011 + 2,4% | Asistencia | Complemento domingos | Festivos especiais |
|---|---|---|---|---|---|
| Grupo A) | | | | | |
| Administrador/a | 1.589,72 € | 1.627,87 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Xerente, director/a | 1.589,72 € | 1.627,87 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Médico | 1.324,77 € | 1.356,56 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Técnico superior | 1.324,77 € | 1.356,56 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Grupo B) | | | | | |
| Supervisor, socio asistencial | 1.059,77 € | 1.085,20 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| ATS/DUE | 1.059,77 € | 1.085,20 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Traballador/a social | 1.059,77 € | 1.085,20 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Fisioterapeuta | 1.059,77 € | 1.085,20 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Terapeuta ocupacional | 1.059,77 € | 1.085,20 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Titulado/a | 1.059,77 € | 1.085,20 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Grupo C) | | | | | |
| Gobernante/a | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Oficial de mantemento | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Oficial administrativo | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |

CVE-DOG: ryws0cy6-0ap2-eqj8-6rl9-rdv0ngixnnr9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

| Categorías profesionais | Salario base 2011 | Salario base 2012<br>S.B. 2011 + 2,4% | Asistencia | Complemen-to domingos | Festivos especiais |
|---|---|---|---|---|---|
| TASOC | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Condutor/a | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Xardineiro/a | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Grupo D) | | | | | |
| Xerocultor/a-Auxiliar de enfermaría | 853,16 € | 873,64 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Cociñeiro/a | 837,24 € | 857,33 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Auxiliar de mantemento | 837,24 € | 857,33 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Auxiliar administrativo | 837,24 € | 857,33 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Camareiro/a de planta | 837,24 € | 857,33 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Animador/a sociocultural | 837,24 € | 857,33 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Porteiro/a de recepción | 837,24 € | 857,33 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Grupo E) | | | | | |
| Lavand.-pasador/a de ferro | 777,10 € | 795,75 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Auxiliar de cociña | 777,10 € | 795,75 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |
| Limpador/a | 777,10 € | 795,75 € | 69,05 € | 8,30 € | 32,34 € |

CVE-DOG: ryws0cy6-0ap2-eqj8-6rl9-rdv0ngixnnr9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia